

Comentarios recollidos no [Blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón no curso 2007-08](#)

1. *Moonkid e Liberty* pareceume un libro interesante e sinxelo de ler xa que o narrador usa un léxico doado de entender. Tamén recorre moito ao diálogo e iso axuda a que se lea en pouco tempo, de feito eu comeceino a ler un domingo de choiva e o luns xa o tiña rematado. A historia é contada de maneira alterna, un capítulo é narrado por Ian e o seguinte por Libby. Un dos motivos polos que me gustou esta historia é porque se faise moi críble, esqueces que é unha historia inventada. Isto débese a que os problemas que lle ocorren a Libby e Ian, que son os protagonistas da historia, poderíanlle ocorrer a calquera outro adolescente. Libby, que chega a un novo instituto e busca o seu sitio, para iso, intenta ser coma os demais. Nela vese o cambio de nena a adolescente. Comeza a preocuparse da súa imaxe, a beber e ten o seu primeiro noivo, preocúpase pola popularidade, loita por non ser diferente, por ser unha máis e poder ter un grupo de amigas... Ian, personaxe totalmente oposto, séntese diferente ao resto dos seres humanos, e iso écheo de orgullo. Sen embargo, o resto da xente mírao coma un "lunático" alcume que adquire, mais Ian remata ... A min, este personaxe chamoume a atención porque certamente é raro pero moi intelixente. Ás veces parece infeliz xa que non sorrí, non se alegraba por nada, sen embargo é un rapaz moi sensato e con moi bo fondo. Xa que ten ideas que a maioría dos rapaces da súa idade non comparten porque quizais son bastante maduras, por exemplo: a repugnancia que lle ten ós rapaces que se meten en liortas, ou a os "pijos" xa que se cren mellores por vestir de marca, ou que prefire vivir nunha casa pequena, sempre desordenada e ulindo a arroz frito que irse a California a vivir a unha mansión xunto á súa nai quen lle podería dar todo o que el quixera, pero ... El prefire quedarse ... Ian a diferenza de Libby buscaba ser diferente, non lle importaba o que pensara a xente e nunca se avergoñou do seu pai pese ás circunstancias. Aínda que se meteran con el, non pensaba cambiar. Ademais Ian é o personaxe que lle da máis puntos cómicos á historia debido á súa linguaxe directa e sen concesións. O final gustoume, ámbolos dous irmáns ... **(María)**

2. *Moonkid e Liberty* quizais sexa un libro moi reflexivo para a nós, a xente nova. Quizais o punto de vista tanto de Ian como de Libby é moi interesante, faite pensar na túa vida. Ian dende o seu punto de neno marxinado polos seus compañeiros e pola súa forma de vestir fai que sexa un neno moi forte en carácter e que chegue a pensar que non é deste planeta polo de feito de que non se parece ao resto do mundo que el coñece. As diferentes voltas que lle deu a vida co seu pai e coa separación deste da súa nai, máis ben a nai os abandonou a el e a súa irmá, faino ser un neno forte que soporta os insultos e os golpes que lle pega "Elo perdido" durante o libro, e que leva soportando durante toda a súa vida polos diferentes colexios que pasou. O seu pai é encarcerado pola suposta venta ... e isto fai que Ian teña máis rabia a Don e se sinta mal despois, cre que a súa forma de actuar non foi precisamente a correcta. Libby co seu punto de vista de rapaza que necesita integrarse no novo instituto o que vai ir, séntese con esa necesidade, xa que o rexeitamento do resto dos compañeiros nos diferentes institutos e colexios aos que foi durante o resto da vida fana necesitar sen recoñecida polo seus compañeiros. Cando consegue isto e ter un mozo, síntese xenial e o reencontro ca súa nai faina aínda máis egocéntrica no tema de vestir e de ver a xente por riba do ombro. Libby dáse conta realmente dos que son os seus amigos cando o seu pai vai ... Rabbit é a única das súas compañeiras que lle fala, e aínda así non moi convencida. As súas amigas snobs non lle fan caso e o seu mozo ..., séntese desprazada e non encontra a forma de volver a ser popular no seu instituto. Ao final do libro... En conclusión, é un libro como *Os dous de sempre*, no que se compara dous puntos de vista diferentes e a comparación de dous personaxes totalmente diferentes. **(Andrea)**

3. *Moonkid e Liberty* é unha novela sinxela e moi entretida, con isto quero dicir que podes pasarte catro horas lendoa sen parar que non te esgota nin amola demasiado (aínda así, non recomendo facelo). O libro conta a historia de dous irmáns completamente diferentes, Ian e Libby, cada un deles conta nos seus capítulos correspondentes a súas vivencias, narrándoas en primeira persoa. A historia comeza coa chegada de ambos a un novo instituto e xa dende o

principio vemos as diferenzas entre os dous irmáns: mentres Libby se propón facerse un cambio tanto na súa imaxe coma na súa actitude para ser mellor aceptada, Ian fai todo o contrario, non lle importa o que pensen os demais del, e xa o mesmo primeiro día de chegada métese en liortas e é mal recibido. Ian é un personaxe realmente peculiar, aínda que á vez intelixente, ao principio pensa que é doutro planeta, que as baixezas tales como a violencia son soamente propias dos terrestres, e que dun momento a outro unha gran nave espacial virá rescatalo e o levará a outro mundo xunto cos da súa especie, moito máis avanzados intelectualmente. Ian combina o seu lado infantil no cal pensa que é un extraterrestre con ideas maduras, por exemplo: Ian non aproba o cambio sufrido pola súa irmá, posto que se dá conta de que tan só se está convertendo a si mesma nunha persoa sen personalidade, coma un monicreque nas mans da moda e da superficialidade. Libby é unha rapaza coma outra calquera, co seu cambio soamente pretende conseguir un grupiño de amigos cos cales sentirse a gusto, e se cambiando a súa forma de vestir o consegue, pois o fai. Na miña opinión, o maior fallo de Libby é levar as cousas ó extremo, ata o punto de non diferenciar o importante do que non o é. Así, Libby apégase moito aos seus novos “amigos” sen darse de conta de que realmente non o son, e afasta do seu lado a xente que realmente a aprecia. Mentres Libby gaña cada vez mais popularidade (ten o seu primeiro noivo, viste con roupa de marca, colle a súa primeira borracheira, ...) Ian gáñase o seu primeiro gran inimigo, ao cal lle outorga o nome de Elo Perdido, e a partir de aí a súa vida limitarase a idear formas de fuxir das súas malleiras e programar o momento da vinganza. Aínda así, finalmente os dos irmáns terán algo en común: ambos aprenden algo das experiencias vividas. Así, Libby dáse de conta de que as aparencias son realmente o que menos importa: levar roupa de marca, ter grandes coches.. Son soamente etiquetas que nos poñemos a nós mesmos, como unha forma de dicir que somos exactamente iguais que os demais. Ian pola súa banda, comprendera que é tan humano como todos os demais, e que as veces ser tan extremadamente diferente tampouco é vantaxoso. En xeral a novela gustoume moito, tanto polo seu carácter realista como polos temas que trata, pareceume moi recomendable. **(Antía)**

4. O libro *Monkyd e Liberty* pareceume que está bastante ben, pero houbo algunhas cousas del que me amolaron moito. Como por exemplo así como os primeiros capítulos case ata a metade do libro cando Libby aínda non fai amigos e a Ían aínda non se lle ocorre ningunha idea maléfica, os capítulos fanse un pouco pesadiños, xa que son moi monótonos e só falan do friki que é Libby e mais do friki que é Ían, que é tan raro que ata pensa que é un extraterrestre. Pero despois cando Libby comeza a cambiar a súa forma de ser e faise popular, vai ao baile e ata coñece rapaces é cando o libro empeza a ser interesante e moi ameno de ler. Tamén é un libro diferente e peculiar sobre todo na súa estrutura ao estar mesturados un capítulo dun neno e o outro da nena, que contan case o mesmo pero cada un da súa vida e con versións diferentes. Iso nótase sobre todo cando están na casa da nai que Libby o ve todo como unha marabilla e pola contra Ían só quere volver á casa. Tamén á hora de falar dos pais. Ela sempre di que lle gustaría que o seu pai fose normal e que non fixese todas esas cousas raras como ioga ou como ter unha obsesión polo comunismo e por loitar por estar en contra do sistema, e polo contrario a Ían encántalle o seu pai e parécelle un exemplo a seguir xa que é un bo home. É un libro moi realista xa que pon os dous casos básicos de adolescentes, un neno raro que non sabe adaptarse, que non ten amigos e que pon a escusa de que el é diferente, pero que no fondo encantaríalle saber estar cos seus compañeiros e ser un máis, como ben lle di a profesora. E unha nena típica que ten vergoña do seu irmán do seu pai, que fai calquera cousa por ser guai que o único que quere é ser popular e que fai todo o posible por conseguilo, que prefire vivir coa súa nai porque a vai ter consentida aínda que un día a abandonase, unha rapaza egoísta co seu pai por iso, que non valora as cousas que ten. Isto acontece ata que un día pasa o das revistas do seu pai, e é entón cando ela se decata de que esas persoas tan guais ... O final do libro encantoume, e non é nada predicible. En xeral o libro é moi realista e moi doado de ler porque non é moi longo e o vocabulario é común, porque os que falan son nenos da nosa idade máis ou menos. Eu recomendaríao. **(Margarita)**

5. *Moonkid e Liberty* pareceume un libro moi realista, moi adaptado aos nosos tempos.. é moi moi realista. A forma de redactar é moi singular, refírome a intercalación dos capítulos, un de Libby e outro de Ían.. aínda que cando remata contan practicamente o final entre os dous. Ían é un neno bastante friki, por iso Libby que quere relacionarse con xente importante, avergónzase do seu irmán. A verdade é que os seus capítulos son moi moi aburridos ao principio.. denomínase como un extraterreste, parece que está tolo.. aínda que ten a quen saír (ao seu pai). Libby é como unha rapaza calquera, aínda que quere ser importante, que a xente a coñeza, e iso nunha rapaza da nosa idade é normal. A verdade ao principio pensei que sería coma o seu irmán, pero ao ver o cambio que experimenta.. diría que estaba desexando que rematara o capítulo de Ían para poder ler o de Libby. A parte que máis me gustou do libro é cando Libby ten ..., e vai de festa cos seus amigos novos, etc; tamén me gustou cando van á casa da nai ..., imaxínaste a casa e debía ser espectacular. A parte que menos me gustou foi cando Ían e o seu amigo " maltratan" a ... pareceume moi cruel, e unha actitude que non me esperaba del, aínda que é comprensible... despois de todo. A verdade, o libro gustoume moito, o final foi totalmente inesperado... Eu recoméndoo. **(María)**

6. Persoalmente este libro é un dos meus favoritos, dos que teño lido, gústame porque esta protagonizado por adolescentes e porque en parte é divertido. Ademais é moi ameno porque ten moito diálogo e non hai vocabulario complexo. Moonkid(Ian) e Liberty(Libby) son os protagonistas de este libro no que se alternan por capítulos e van contando os acontecementos dende o seu punto de vista. E eles comezan a contar dende que se mudan a unha nova cidade e, polo tanto, a un novo instituto, no que lles acontecerán varios sucesos importantes para eles. Ian é un rapaz de trece anos que aínda non madurou o suficiente e vive no seu mundo de extraterrestres, e el considérase un alien e que en calquera momento poden vir buscalo, pero aínda que este comportamento é moi infantil, Ian ten moitos pensamentos maduros, impropios para un neno de trece anos. A principal preocupación de Ian durante todo o libro é vingarse do seu peor inimigo 'O Elo Perdido', que era un rapaz moi problemático que odiaba Ian e xa lle tiña zurrado algunha vez pero Ian vingábase con outras tácticas mais intelixentes. A medida que vai transcorrendo o libro Ian vaise sentindo máis persoa e non tan alien, incluso chega a gustarlle unha rapaza en Canadá pero ... Libby antes considerábase unha friki, pero cando chegou a este instituto propúxose ser alguén mais non unha ninguén. Pero non lle duraron moito esas amizades, xa que, cando o seu pai tivo ..., elas deixaron de ser a súas amigas e Libby descubriu que a que en realidade era boa amiga era ... que sempre estivo aí apoiándoa e non deixou de ser a súa amiga nin cando Libby ... A Libby tamén lle preocupaba o tema de irse a vivir coa súa nai ou non. Libby é moi parecida á súa nai en carácter e cando foron visitala Libby estaba por quedarse. Libby tivo varios ligues durante todo o relato pero eu penso que o seu amor verdadeiro ... Chamoume moito a atención que Libby e mais Ian non chamaban a seus pais por papá e mamá senón polos seus nomes. Eu recomendo este libro a todo o mundo, pero sobre todo a xente da nosa idade, adolescentes, que se poden poñer mellor na pel dos protagonistas. **(Iria)**

7. Este libro é moi orixinal pola súa estrutura. Cada capítulo é contado por un dos irmáns: Ian e Liberty; membros dunha familia un pouco fóra do normal. Os seus pais están separados. Viven co seu pai (Rick) un hippie e comunista que ten unha librería. Cambian de domicilio a miúdo e sempre son rexeitados e adquiren fama de raros só polo mero feito de ser diferentes. Libby fártase e intenta cambiar. Deixar de ser vexetariana, comprar roupa de marca, deixarse levar pola moda, non ser ela mesma ... Porque interpreta que é a única maneira de ter vida social. Un pensamento que pode ter calquera adolescente por iso me gustou tanto o libro. Mentres Ian (o irmán pequeno de Libby), un rapaz superdotado, non muda a súa forma de ser e como nas súas anteriores residencias é rexeitado e os seus compañeiros do instituto péganlle malleiras polo simple feito de ser diferente. Sen embargo Libby entra no grupo social Vip do

instituto e séntese moi feliz cos seus novos "amigos" xa que cando o seu pai é ... Eu penso que os verdadeiros amigos son os que te axudan nos malos momentos como o caso da súa amiga ...ou ... o mellor amigo de Ian. Ao final Libby ... A moralexa do libro para min foi que un non ten que ocultar a súa forma de ser nin de pensar. Un ten que ser un mesmo. O que máis me gustou do libro e o do seu título é o que conleva. Os pensamentos de Ian que se sente tan distinto da especie humana polos seus pensamentos e actos que pensa que provén dunha afastada galaxia e que é un alien de aí o de Moonkid que traducido o galego é *nenos da lúa*. Ao final da obra decátase de que ... Do 1 ao 10 eu daría lle un 9 (**Fernando**)

8. Este é un libro moi interesante e fácil de ler, xa que non presenta un vocabulario moi difícil e non é que sexa moi longo, de feito eu o lin mentres viaxaba no coche. Trata temas da adolescencia, como é o caso da adaptación social, das modas e a roupa ou de se a xente é friki ou non. O autor presenta estes casos mediante dous puntos de vista ben diferenciados: -Un punto de vista dende un neno superdotado chamado Ian que non se quere adaptar á sociedade xa que quere ser el mesmo e por estes motivos recibe malleiras. -Un punto de vista dende unha nena chamada Libby, que está entrando na adolescencia e converténdose en muller, que decide cambiar a súa forma de ser para poder facer amigos na nova escola e que non recibe os insultos aos que estaba xa acostumada polo feito de ser diferente. O libro ten unha característica que me gustou moito, que é que alterne capítulo si capítulo non aos dous nenos. Desta maneira podes comparar as distintas opinións dos protagonistas sen perder o fio da lectura. O personaxe que máis me gustou foi Ian, xa que aínda que lle pegaran ou metéranse con el por ser diferente, non fixo ningún intento de cambiar, e o que é máis, plántalle cara a estes problemas e finalmente ... Penso que se este personaxe existira de verdade, sería unha persoa digna de admiración á cal todos deberían respectar. En canto a Libby, paréceme moi mal o de que rexeite do seu irmán e métase cunha panda de "snobs" aos que só lles importan as aparencias e no fondo non son nin sequera amigos. Tampouco me gustou o de que por levar roupa de marca, por relacionarse con xente desa e por fumar e beber se considerase maior e que estaba moi por encima do seu irmán, xa que por pensar e actuar desa maneira non fai máis que pórse un carteliño na fronte que di: "Son unha niña". Mais ao final ... Hai partes no libro que poden chegar a aburrir, como por exemplo as reflexións que fai Libby da súa situación emocional ou de se logrará estar con algún rapaz ou así. Pero tamén hai partes que son moi entretidas e moi graciosas, xa que cando Ian logra encerrar aos "malotes" que lle zoupaban ... , non paras de ler ata saber que lles ocorrerá e cando por fin o sabes faiche graza o feito de que ... En resumo, é un libro moi bo que persoalmente me gustou moito e fíxome reflexionar sobre moitas cousas, sobre todo na maneira de ser cada un e que todos debemos respectar aos demais e non cremos por riba deles. Recomendareillo á xente (**Mauro**)
